

EXPEDIENTE: 2023/E001/000008 (Relacionado con 2022/E001/000014)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, DE 2 PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, GRUPO V, NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDO NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 675/2022, de data 30 de decembro de 2022, adoptouse, entre outros, o acordo de aprobar as bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro (publicada no BOP de 31/05/22 núm. 102, da provincia da Coruña e D.O.G. 31/05/2022 co núm. 103).

Por Resolución de Alcaldía número 6/2023, de data 17 de xaneiro de 2023, adoptáronse, entre outros, os acordos de aprobar as correccións efectuadas nas bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro e convocar o proceso selectivo, para a selección e contratación, como persoal laboral fixo das prazas ofertadas.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes as prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a "*Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas*".

Con data 12 de decembro de 2024 reúnese o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a provisión de dúas prazas de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, grupo V, nomeado por Resolución da Alcaldía núm. 636/2024 do 11/12/2024, propoñendo á Alcaldía para a obtención de praza de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, persoal laboral fixo Grupo V, por ser as persoas que superaron o proceso de selección con maior puntuación, ás seguintes aspirantes:

1. VIGO TRILLO, MARÍA LUISA, con DNI ***662***
2. DÍAZ PUENTES, SANDRA, con DNI ***066***

A acta do tribunal foi publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro en data 12/12/2024 a efectos da presentación de alegacións ou reclamacións sen que durante o período de cinco (5) días outorgado fose presentada algunha, tal e como se desprende do dilixencia que consta no expediente.

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía 635/2024 do 11/12/2024 de aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento de estabilización de emprego temporal, de conformidade co exposto e no uso das facultades conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta do Tribunal cualificador en canto á obtención de praza de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, persoal laboral fixo Grupo V, por María Luisa Vigo Trillo, con DNI ***662***, e Sandra Díaz Puentes, con DNI ***066***, por ser as persoas que superaron o proceso de selección con maior puntuación.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución ás persoas interesadas requiríndolle para a presentación no prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello da presente resolución, da seguinte documentación orixinal (ou copia compulsada):

1. Documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito que a acredite.
2. Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que se aspire.
3. Titulación esixida para cada praza nas bases específicas.
4. Acreditación da capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar.
5. Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
6. Número de afiliación á Seguridade Social, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
7. Documento acreditativo de conta bancaria.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

CUARTO.- Que se de conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este realice.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe